Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 20/03/2024 12:07:48
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 7

Sesión da Deputación Permanente

12 de xaneiro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar «sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa» (doc. núm. 63853)

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e dezasete minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e anuncia que, debido á inasistencia da señora secretaria (Prado Cores), vai ocupar o seu lugar a señora vicepresidenta (Candia López), a quen lle prega que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Candia López) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente coa confirmación das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun único punto. (Pax. 4.)

Comparecencia da Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)

Intervención do Goberno: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 12.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 15.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 19.)

Réplica do Goberno: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 22.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.26.) *Nesta rolda intervenen o señor Torrado Quintela (S)* (Páx. 26 .), *a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 28.), *o señor Pazos Couñago (P) (Páx. 31.) e a señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 33.)

Remata a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás doce e dezasete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Damos comezo a esta sesión da Deputación Permanente. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a súa inasistencia dona María Montserrat Prado Cores. Tendo en conta isto, vai actuar como secretaria a vicepresidenta, dona Elena Candia, a quen lle prego proceda á lectura dos membros da Deputación Permanente para comprobar o quórum.

A señora SECRETARIA (Candia López): Bo día a todas e todos.

Don Miguel Santalices Vieira, quen lles fala, e María Elena Candia López.
D. Luis Manuel Álvarez Martínez *(substiuído por Dª Paloma Castro Rey).*
Dª Raquel Arias Rodríguez: *(Si.)*
D. Xosé Luís Bará Torres: *(Si.)*
D. Diego Calvo Pouso *(substituído por D. Rubén Lorenzo Gómez).*
Dª María Sol Díaz Mouteira: *(Si.)*
Dª María Begoña Freire Vázquez: *(Si.)*
Dª María Leticia Gallego Sanromán *(substituída por Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta).*
D. José Alberto Pazos Couñago: *(Si.)*
Dª Rosana Pérez Fernández. *(Si.)*
Dª Noelia Pérez López *(substituída por D. José Luis Ferro Iglesias).*
Dª Ana Pontón Mondelo: *(Si.)*
Dª Corina Porro Martínez: *(Si.)*
Dª Paula Prado del Río: *(Si.)*
Dª Noa Presas Bergantiños: *(Si.)*
Dª Olalla Rodil Fernández: *(Si.)*
Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo: *(Si.)*
D. Alfonso Rueda Valenzuela *(substituído por D. Moisés Rodríguez Pérez).*
Dª Cristina Sanz Arias: *(Si.)*
D. Julio Torrado Quintela: *(Si.)*
D. Borja Verea Fraiz: *(Si.)*

A señora SECRETARIA (Candia López): Hai quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Hai un único punto da orde do día.

Comparecencia da Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa

O señor PRESIDENTE: O esquema é o similar ao das comparecencia, que xa coñecemos. Haberá unha intervención da vicepresidenta, un tempo de dez minutos para os grupos, un se-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gundo turno da vicepresidenta, unha réplica de cinco minutos e o peche por parte da vicepresidenta.

Entón, comezamos, e para iso ten a palabra a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moi bo día.

Moitísimas grazas, presidente.

Comparezo hoxe na Deputación Permanente do Parlamento, a petición propia, para dar conta da situación do litoral galego fronte á perda de parte da carga do mercante *Toconao* nas costas portuguesas.

En primeiro lugar, quero transmitir unha mensaxe de tranquilidade a todos os que estades aquí, pero tamén ao resto da cidadanía; de tranquilidade e de calma fronte a certas mensaxes alarmistas ou catastrofistas.

Estamos nunha situación preocupante, preocupante dende o punto de vista medioambiental, pero estamos tomando as medidas necesarias por parte do Goberno galego. Antes de comezar, quero agradecer o traballo, o moito traballo realizado ao longo de todos estes días polos concellos, polos seus equipos, polos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, por MeteoGalicia, por Gardacostas e, por suposto, por toda a xente do mar, da Consellería do Mar, que traballan día e noite para afinar os avances operativos; avances operativos dos cales se lles está dando cumprida información a toda a cidadanía. E tamén quero agradecérllelo ás persoas que voluntariamente están traballando nos areais. Quero lembrar que todas estas accións de recollida han de realizarse dun xeito coordinado para preservar a flora, pero tamén para preservar a fauna dos espazos nos que se actúa; nalgúns casos trátase de zonas protexidas, de ecosistemas.

Hoxe quero dar información detallada sobre o operativo despregado, sobre as perspectivas para os vindeiros días e sobre que accións está a tomar o Goberno galego.

Quero incidir no traballo, no traballo e na implicación por parte da Xunta de Galicia dende o primeiro momento, por suposto situándonos ao carón dos concellos que teñen competencias e coordinando un completo operativo de vixilancia, seguimento e tamén retirada de plásticos nos espazos costeiros afectados e, con especial atención, aos espazos protexidos e á protección da biodiversidade; tamén asumindo as nosas competencias dende un primeiro momento, pero indo moito máis aló, traballando ante unha situación da que non debemos esquecernos. Galicia é vítima; é vítima Galicia, igual que está sendo unha vítima a costa asturiana, a cántabra ou a do País Vasco. E, incluso outros países, como é o caso de Francia, que xa están rexistrando a chegada de *pellets.*

O único responsable aquí, sen dúbida, é a navieira, o buque. Hai un incidente e, polo tanto, ha de responsabilizarse dese incidente producido na costa. E debido a que os avisos tardaron

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en chegar, e tardaron moito en chegar, non se pararon a tempo no mar os sacos de *pellets* que están chegando ás nosas costas, que calculamos que aínda está na costa un 90 por cento do vertido. Despois voulles facilitar os datos de recollida por parte do operativo establecido, do Goberno galego. Ben é certo que non coñecemos a despregadura e, polo tanto, os datos de recollida doutras comunidades autónomas; unha realidade que contrasta coa actitude do Goberno central, na que houbo escurantismo, por non dicir lixeireza; ou unha cousa ou a outra. Demostrouse así dende o principio deste asunto, o que non contribuíu a manter o necesario clima de colaboración institucional que sería desexable para afrontar unha xestión deste tipo.

Considero que é o momento de falar aquí, no Parlamento, primeiro porque todos somos representantes da cidadanía e, polo tanto, todos debedes de ter a información necesaria, así como o resto das administracións implicadas, para todos sumar esforzos, tendo claro en todo momento as competencias de cada un: do Goberno central, con competencias sobre o mar, para garantir a protección das augas, e con competencias únicas e exclusivas en materia de residuos que veñen do mar á terra; dos concellos, que teñen a competencia da recollida de residuos e limpeza dos areais, a competencia sobre a vixilancia e a limpeza nas praias, segundo a Lei de costas; e da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten competencias sobre o litoral, que están enmarcadas no Estatuto, na colaboración cos concellos, na coordinación dos equipos de limpeza na costa, así como nos residuos que van de terra a mar.

Por isto quero facer desta intervención nesta Cámara un chamamento á responsabilidade, á prudencia e tamén ao traballo coordinado; un obxectivo no que nos gustaría contar co compromiso de todos vós, da oposición, traballando xuntos polo ben de Galicia, dos galegos e das galegas.

Falo da cronoloxía dos feitos. A situación na que nos atopamos hoxe comezou exactamente hai agora un mes e catro días, cando o pasado día 8 de decembro o mercante *Toconao*, de bandeira de Liberia, que navegaba polo Atlántico en augas portuguesas, á altura de Viana do Castelo, perdeu varios contedores que formaban parte da súa carga.

Agora sabemos que en total foron 6 contedores que caeron ao mar: un deles cargado cun total de 26,25 toneladas de *pellets* de plástico repartidos en 1.050 sacos de 25 quilos cada un; os outros 5 contedores estaban cargados con rolos de papel film, pneumáticos, barras de aluminio e pasta de tomate. Unha carga da que descoñecemos a súa situación no mar e ata cando pode estar chegando ás nosas costas. Nin España nin Portugal fixeron a día de hoxe unha avaliación dos riscos, ou polo menos non foi notificado ao Goberno galego en relación con todo isto.

Tras este accidente no mar, a mediados de decembro, o día 13, detectouse a chegada puntual de residuos plásticos a algún areal da costa dos que, obviamente, descoñecemos a súa orixe. Quero destacar que se reciben 1.500 avisos ao ano no 112 de vertidos de residuos que chegan do mar á terra.

E aquí quero facer un inciso. De feito, antes do día 4 de xaneiro, só recibimos tres avisos: do Concello de Ribeira, do de Muros e do de Porto do Son. Por suposto, en ningún caso se sabe

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da magnitude do vertido, e non o podiamos saber, porque quen tiña que informar non informou. Ningún nos informou ata que finalmente chega ás nosas costas. Segundo van pasando os días así nos imos enterando, e faise unha comunicación oficial; comunicación oficial do Goberno central á Xunta que tarda case un mes en chegar. Recíbese o 3 de xaneiro, cando o sabían desde o 8 de decembro, porque así temos a confirmación do Goberno luso. Pero o avogado da armadora xa se puxera en contacto co Goberno central dende o 20 de decembro.

Por parte do Goberno recibimos unha segunda comunicación —neste caso, foi o día 4 de xaneiro— na que nos dicía que entre o 20 de decembro e o 4 de xaneiro se fixera un seguimento no mar, pero que non se detectara nada. Iso quere dicir que dende o 8 de decembro ata o 20 de decembro non se fixo ningún tipo de seguimento. Nela tamén se minimiza —a través dun correo, ese mesmo 4 de xaneiro— o impacto do ocorrido, ao dicir que o tráfico marítimo entraña riscos e que se trata dun contedor entre máis dun millón que transita polas nosas costas e na que se propón pasar a factura dos traballos de limpeza e recollida destes residuos a unha empresa armadora.

Polo que queda comprobado que o Goberno central se comportou como un mero espectador ante unha situación da cal non deu cumprida información ata case un mes despois, cando o que tiña que facer era coordinarse a través de actuacións dende un primeiro momento no que si sabía, no que si era coñecedor, da caída dos seis contedores ao mar e do potencial risco tanto para a navegación como para a costa. Tras moitos días de idas e voltas, agora temos esa constancia de que o Goberno central sabía dende o día 8 de decembro o que aconteceu con *Toconao*. Ese mesmo día as autoridades portuguesas alertaron o Goberno central da incidencia no mar e da perda de seis contedores á deriva. Así o recolle o informe fechado ás 4.45 horas do 8 de decembro, que se lles pode mostrar.

Este aviso foi trasladado a España, a Portugal e á Axencia Europea de Seguridade Marítima ese mesmo día. Ante esa evidencia documental, ao Goberno central non lle quedou máis que recoñecer que o sabían, aínda que unha vez máis tentaron minimizar a gravidade da situación.

Así o recoñecía este mesmo mércores, día 10 de xaneiro, a ministra Teresa Ribera, que reducía a alerta lusa a un aviso practicamente de modo automático «*del armador a las autoridades de Seguridad Marítima*», saltándose así todo o disposto a nivel legal para a protección tanto do mar como da costa. Aínda así, tendo toda a información na man e as competencias, non se activou ningún tipo de protocolo.

Hai que lembrar que o Real Decreto 1695/2012, do 21 de decembro, polo que se aproba o sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña, fixa claramente os pasos a seguir. Establece que cando a contaminación se produza augas baixo soberanía de estados limítrofes, e esta poida poñer en risco as augas marítimas sobre as de España, ten que exercer a súa soberanía e que, polo tanto, se activará en primeiro lugar o Plan marítimo nacional e seguidamente o Plan estatal de protección de ribeira do mar contra a contaminación, o denominado Plan Ribera, cando o suceso de contaminación afecte ou poida afectar a costa.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos, polo tanto, ante unha situación que obriga —si ou si— a activar os plans nacionais contemplados na lei, algo que ata o momento non se fixo. E ademais de activar estes plans o Goberno central debe comunicalo ás comunidades autónomas para que poidan activar as súas propias estratexias e os seus dispositivos, algo que fixo a Xunta dende o primeiro momento, mentres que o Goberno central o único que puxo foi escusas.

¿Que fixo o Goberno galego mentres tanto? Activamos o Plan Camgal dende que tivemos coñecemento desta situación, nin antes nin despois, cando se tivo coñecemento; un plan que se pon en marcha aplicando criterios técnicos, con base en feitos obxectivos e valorando as circunstancias concretas. E actívase en tres niveis diferentes, sempre escoitando os nosos técnicos. Primeiro, en fase de alerta o mesmo día 3 de xaneiro. A fase de alerta é unha fase informativa e, polo tanto, ten un carácter público; e logo xa en nivel 1, onde se organiza o operativo. E elévase a nivel 2 este mesmo martes, tras as estimacións dos nosos servizos meteorolóxicos, pero tamén —hai que dicilo— tras as exixencias do Goberno central, para que xa non tivese máis desculpas e puxese os medios correspondentes no mar; cousa que eu mesmo lle comuniquei por carta á vicepresidenta do Goberno, á ministra Teresa Ribera.

Ademais disto, nestes nove días, a Xunta de Galicia contratou todo o persoal que está encargado da limpeza —é un operativo dunhas 300 persoas—, encargouse da coordinación cos concellos costeiros e contratou varios estudos sobre a composición material do produto, ante o descoñecemento inicial e ante a falta de información do Goberno central.

Polo que agora, e aínda que poida que sexa un pouco tarde, o Goberno central debe actuar dende as súas competencias, que son as competencias que ten no mar —xa non hai escusas posibles— e debe poñer xa sobre a mesa os medios no ámbito mariño, co obxectivo de recoller a maior cantidade posible de sacos e de evitar a chegada esparcida de miles de partículas á nosa costa.

Quero lembrar que o 7 de xaneiro Teresa Ribera chamaba ao presidente da Xunta de Galicia para ofrecerlle toda a colaboración e as axudas necesarias, sen poñer condicións, pero só un día despois o ministro Óscar Puente poñía as primeiras escusas, dicindo que había que activar o nivel 2 do Plan Camgal, cousa que non é certa. Eu xa lles podo acreditar que non é así.

E por se fose pouco, unha vez activado ese nivel, agora pídennos cuantificar e detallar o que nós queremos. A resposta está clara: queremos todos os medios aéreos e marítimos dispoñibles. Queremos que a frase da ministra «*que nos ponemos manos a la obra en Galicia*» sexa unha realidade e que os medios, aínda que cheguen un pouco tarde, sexan efectivos.

Dende Galicia non estamos pedindo axuda para exercer as nosas competencias, dende Galicia exiximos ao Goberno central que exerza as súas, xa que unha actuación rápida, tras o aviso de Portugal o día 8, podería ter evitado que os *pellets* chegasen ás nosas praias, ou polo menos ter reducido cuantitativamente a cantidade que está a chegar aos nosos areais.

Dende o primeiro momento o que está claro é que deberiamos de saber en Galicia cal era a composición deses *pellets*, tamén as cantidades que se verteron ao mar e a súa posible tra-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xectoria cara ás nosas praias, cara ás de Galicia. Non só nós, é que tamén o deberían de saber o resto das comunidades autónomas. Considero totalmente inescusable que o Goberno central tardase case un mes en comunicar oficialmente á Xunta a información remitida polas autoridades portuguesas sobre o buque *Toconao*, diminuíndo a capacidade de Galicia de activar unha resposta integral á posible chegada de restos á costa.

Ante esta situación, Galicia exixiu, e segue a exixir, que o Estado active o Plan marítimo nacional, así como o Plan estatal de protección da ribeira do mar, e que o Estado poña en marcha o máximo operativo marítimo e aéreo que teña en disposición de ser activado, conforme os seus plans de emerxencia, que ademais está perfectamente taxado, para recoller os residuos que estean no mar e evitar así que sigan chegando ás nosas costas, sobre todo tendo en conta as previsións meteorolóxicas e as mareas e correntes mariñas de cara aos vindeiros días.

A verdade é que resulta curioso que agora o Goberno non queira actuar sobre augas da súa competencia, cando hai pouco máis de dous meses —e todos deberiamos de lembralo— recorreu á nosa Lei de ordenación do litoral, porque, segundo dixo, nos estamos apropiando dunhas competencias no mar territorial que non temos.

Fronte a todo isto, dende a Xunta levamos traballando dende o día 3 de xaneiro, momento en que se recibe a comunicación; de feito, no día de hoxe temos nas nosas praias un dispositivo de 300 persoas, que, por suposto, seguiremos mantendo ata que o Goberno central nos diga a realidade; e esa realidade é saber se ese contedor aínda contén sacos, se non os contén e que hai no resto dos contedores.

E podo avanzarlles que, actualmente, hoxe, estamos traballando en 55 praias de 32 concellos de todo o litoral galego entre Nigrán e Ribadeo; areais nos que se ten constancia a través dos concellos, a través de Gardacostas e tamén a través do 112. Un completo operativo ao que se suman as persoas voluntarias, ás cales queremos agradecer o seu labor e compromiso medioambiental. Este operativo está distribuído en equipos, en equipos por zonas, para cubrir de forma áxil e eficiente todas as praias galegas afectadas, segundo os avisos que imos recibindo e segundo o control que en horario de mañá e en horario de tarde fan Gardacostas e axentes medioambientais.

Ata o momento o operativo despregado pola Xunta hai que dicir que está dando os seus resultados, que son moi bos resultados, e presta especial atención a unha situación, que son os espazos protexidos pola súa especial vulnerabilidade. Concretamente, no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas —onde se atoparon *pellets* en Sálvora e en Ons, mentres que en Cíes se mantén polo de agora completamente limpo— hai un operativo e no caso de Sálvora queda a durmir alí o persoal da Xunta de Galicia, ao cal lle teño que agradecer inmensamente ese labor. Temos unha ducia de vixiantes e persoal adscritos nos catro arquipélagos realizando labores de recollida e vixilancia e posibles chegadas de novas partículas. Tamén realizamos un seguimento constante sobre a biodiversidade, constatando polo momento que non hai afeccións nas especies nin no Cetmar, nin nos centros de recuperación de fauna dependentes da Xunta de Galicia.

Os técnicos están traballando sobre o terreo, e o obxectivo é actuar inmediatamente en caso de que se detecte algún caso, que teñamos que facer algunha incidencia especial sobre el.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estase a facer un control constante da situación, e o fundamental é actuar con prudencia, sempre con base nos datos obtidos, feitos a través dese froito inmenso de moitos traballadores que agora mesmo están no territorio.

Ante a falta de información, tamén pedimos a análise dos *pellets*, que revelan que se trata dun polietileno; un material que non é perigoso, trátase de plástico común. De feito, encargamos distintos informes. ¡Ollo!, é que isto non o tería nin que facer a Xunta de Galicia; é que a información tería que virnos dada dende o Goberno central. Hai un informe solicitado ao Centro Tecnolóxico Cetim. E a pregunta foi: ¿e por que ao Cetim? Porque era o máis áxil naquel momento, que nunha análise preliminar certificaba que este material non é perigoso e que é polietileno.

Hai outro informe encargado ao Cetim sobre a ficha técnica do contedor, que tamén conclúe que o material non é perigoso; ficha —¡ollo!— que tivo que pedir o Goberno galego ao avogado da navieira, porque, se non, tampouco a teriamos no día de hoxe.

E, por último, hai un informe dun experto independente, doutor en Ciencia e Tecnoloxía de Polímeros, que conclúe que este material non é perigoso, xa que están avalados todos os riscos recollidos na normativa vixente.

Polo tanto, todos os informes indican o mesmo, o que non exime que sexan unha ameaza para o medio ambiente estes *pellets,* igual que o resto dos plásticos. Por iso, estamos actuando, facémolo con rigor, facémolo con transparencia, e tamén o facemos con dilixencia.

Repito, todos os científicos coinciden en que non hai problema de ecotoxicidade, xa que o polietileno é moi estable; o risco está na súa degradación a longo prazo. E, tendo en conta isto, imos constituír un comité de expertos para ver se se poden vixiar os efectos con dous obxectivos: tomar medidas de protección do ecosistema e poder reclamar ao armador os danos que cheguen a producirse; non agora, senón tamén nun futuro, se os houbera.

O que está claro é que dende a Xunta non temos nada que ocultar, por iso valoramos positivamente o anuncio da apertura de dilixencias por parte da Fiscalía de Medio Ambiente. Esperamos que sirva para aclarar as posibles responsabilidades, que sirva para saber quen o fixo mal e sobre todo que sirva para que isto non se volva repetir.

Por parte da Xunta van atopar máxima colaboración e maior transparencia, e de feito trasladaremos —e xa se está concluíndo— un completo informe da situación para que a Fiscalía o poida avaliar.

O que si non me parece de recibo é que se intente sacar moitas veces rédito electoral de xeito irresponsable ou prexudicial para a nosa comunidade, para os galegos e as galegas. Crédeme que isto non é un problema para os políticos; isto, en función da imaxe que traslademos, que por riba non é real, é un problema para dous sectores fundamentais: un é o do mar e outro é o do turismo. Isto non é un novo *Prestige*, por moito que busquen analoxías ou comparativas. Isto non é Sri Lanka; non é comparable nin o volume do vertido, nin o material.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E por iso fago unha nova chamada, unha chamada á precaución, unha chamada á tranquilidade e unha chamada á colaboración. Coido que traballando xuntos e colaborando chegaremos máis lonxe que coa desinformación e tamén coas *fake news*. Ese traballo conxunto agardo que quede materializado a partir do día de onte, onde o comité executivo do Camgal convidou o delegado do Goberno e tamén o presidente da Fegamp, aos cales lles teño que agradecer a súa presencia e tamén a súa vontade.

Deuse cumprida información do operativo e da súa planificación, co director do Plan Camgal á cabeza, que é o subdirector de Costas Lino Sexto. Explicáronselle os protocolos habilitados, e instouse na necesidade de que non se especifiquen os medios; medios que foron requiridos, medios que incluso especificamos —as lanchas, os buques, os helicópteros, o avión...—, porque así nolo pediron, pero é certo que, se me preguntades no día de hoxe, onde está o operativo na costa, eu pódovos dicir en que praias, cantas persoas e que estudos están a realizar. Pero se agora mesmo me preguntades se hai algunha lancha, algún barco ou algún helicóptero por parte do Goberno central, eu non volo sei dicir porque non teño esa comunicación aínda. É certo que lle pedimos ao delegado que, en aras da transparencia, se nos comunicara o día anterior para poder facer un relatorio, e o que nos din é que nolo comunicarán a posteriori. É decisión deles, e aí é certo que pouco máis podemos facer.

Pero no que si insistimos, e moito, é en que se faga todo o traballo necesario no mar por parte do Ministerio, porque se hai algo importante e transcendental é a recollida dos sacos no mar. E, de feito, nas últimas horas —e avistados por pescadores, por xente do mar— recolléronse 3 sacos. Son 3 sacos de 25 quilos cada un. Imaxinade as miles de partículas que se evitaron, se multiplicades, só con eses 3 sacos que chegaron. E, por outro lado, se en algo se insistiu, e ademais de forma contundente, é en que se poña á disposición o robot e se proceda ao selado e á investigación do resto dos contedores, pero tamén deste contedor. Porque nós falamos de que o 90 por cento deste vertido segue no mar, pero non sabemos se aínda hai algo no contedor ou se xa está todo a flote.

Por suposto, agradecémoslles que se puxesen á nosa disposición, porque así llelo requirimos, para a formación de voluntarios; é importante a súa presenza. Pero, se son voluntariosos —é dicir, se non están baixo algunha organización, que xa teñen os cursos necesarios ou a formación necesaria—, que se realice, e así se está coordinando. E, por outro lado, vista a situación de que o mar vai estar revolto de cara ás próximas horas, de que incluso poida haber nivel amarelo, en caso necesario, que se habilite tamén persoal en terra; que adquiriron o compromiso de que así se faría entre 12 e 48 horas.

En definitiva, a Xunta está traballando dende o primeiro día no que tivo coñecemento oficial do incidente, nin antes nin despois. Ten activado o seu plan de continxencia ata o nivel 2 e ten despregado un completo operativo de 300 persoas, que actúan día a día, neste caso, hoxe, en 55 praias en 32 concellos. Con todo, vai quedar traballo por diante. O noso compromiso é continuar avanzando, reforzando operativo e intensificando as actuacións na medida das nosas posibilidades. O que necesitamos é colaboración, compromiso e lealdade e que os medios comprometidos cheguen, que sexan unha realidade —comprometidos e tamén solicitables—.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, é un traballo de todos, é un traballo onde se está poñendo o máximo empeño, e eu agardo ter a colaboración dos distintos grupos políticos en aras de que Galicia saia reforzada, fortalecida, e de que a imaxe de Galicia sexa a que debe ser e, ademais, a que é real, esa Galicia verde, azul, e esa Galicia solidaria que actúa con transparencia cando hai un accidente ou un incidente.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señora conselleira de Medio Ambiente de Galicia —aínda—, vostede, conselleira do Medio Ambiente, pretende vir aquí explicarnos que un problema do medio ambiente de Galicia non é responsabilidade ningunha da conselleira de Medio Ambiente de Galicia. Vostedes aspiran a funcionar como aqueles telefonistas das antigas películas: recollen a información, cambian o cable, pasan e despois van ao bar opinar do que fan os demais. Vostedes xa non son un goberno, vostedes son unha caricatura, e mala, ¡mala!, ¡bastante mala!

Confunde vostede dende o inicio culpabilidade e responsabilidade, e, ademais, fíxoo eu non sei se intencionalmente. Eu ás veces penso que este goberno intencionalmente fai ben moitas cousas, pero despois véxoos actuar en cousas coma esta e é imposible que o fagan intencionalmente, porque non se pode ser tan malo á vontade, ¡é imposible! Vostedes non son culpables de que caia un vertido ao mar, evidentemente; ninguén é incluso culpable. Veremos legalmente —que é un tema legal— a navieira se o é ou non, pero é outro tema que non nos corresponde. Vostedes son os responsables da xestión. Dixo vostede que aquí o único responsable é a navieira. Non, non, vostedes son responsables da xestión do problema; vostedes son responsables. Vostede dixo que non eran responsables, e case coincidimos niso; nós tamén cremos que son bastante irresponsables, pero vostedes son responsables do que ocorre. E o que ocorreu, pola súa banda, foi minimizar, e, cando viron que había un problema, mentir, e aí si que o fan con bastante certeza, ademais. Vostedes menten con absoluta normalidade; con moita sinceridade menten, ¡eh! —¡uns profesionais!—. Pero, claro, ten que ver isto co resto de galegos e galegas que sufrimos as súas mentiras, que é o problema deste goberno.

Mire, vostedes, para intentar esconder o problema, para intentar facer pasar e facer ver que nisto non había nada —porque vostedes son os que están en campaña—, pensaron en dicir: imos deixar pasar isto, a ver se non ocorre nada e ninguén se entera; ou incluso despois imos ver se, agochándoo e facéndoo de menos, non parece tanto; e se acaso parece tanto, imos botarlles a culpa a outros. ¡De manual!, ¡de manual de neno pequeno, cando o

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atopan facendo unha trasnada, pero de manual! Pero, claro, xa sabe que se colle rápido a un mentireiro. Mire, vostedes primeiro puxeron en dúbida a información recibida: non o sabían, vostedes non o sabían. Creo que todos coñecemos que hai un veciño de Galicia, en Ribeira, que recolleu 58 sacos de *pellets* —58, non as boliñas—, e notificouno á Xunta de Galicia. El explica que estivo en contacto con persoal de Medio Ambiente, coa Policía Autonómica —que o chamou de volta— e co 112, de Emerxencias da Xunta de Galicia. Fíxese se se puxo en contacto coa Xunta de Galicia que ese teléfono ao que el chamou é o mesmo ao que o conselleiro do Mar —o seu compañeiro de goberno aínda— recomenda aos concellos chamar para avisar de cando avistan novos *pellets.* O mesmo teléfono que vostedes recomendan é no que un cidadán o 13 de decembro se puxo en contacto con vostedes. Vostedes din: é que hai moitas chamadas. ¿E vostede cre que isto é unha resposta natural: non, é que hai moitas chamadas? Pois, moi ben, ¡fantástica resposta!

Pero, miren, o señor Feijóo —creo que vostedes aínda o teñen como unha persoa respectable— dixo hai varios días nunha entrevista radiofónica, nun coñecido programa, que dende que se recibe esa chamada o 13 de decembro o Goberno galego —literalmente leo— «*despliega toda su capacidad*». E vostedes dixeron: non fixemos nada porque non o sabiamos. A súa capacidade, segundo o señor Feijóo, é non facer nada —que, bueno, ai aínda podemos coincidir—. O señor Feijóo, que probablemente tamén mentía, porque, como non tiña nin idea do que pasaba —o señor Feijóo marchou a Madrid para repartir ministerios e acabou repartindo caixas de froita—, como non sabe nada do que pasa, di: «*no, desplegaron toda su capacidad*», recoñecendo que o sabían. Pero por se é máis claro —porque igual aínda non lle quedou claro—, o seu aínda conselleiro do Mar, o señor Villares, emite unha carta, nos primeiros días de xaneiro, que di: «Nas últimas semanas foron recibidos varios avisos relacionados coa aparición deste material en diversos puntos da costa galega». ¡Nas últimas semanas! Vostedes saben dende o primeiro momento o que ocorre, outra cousa é que o minusvalorasen —deberían explicar iso—; outra cousa é que fixesen como que non pasaba nada. Deberían explicalo. Por se acaso, despois vostedes, din, iso si: tranquilos, que non pasa nada, isto non é tóxico. Eu non me vou meter en cuestións técnicas, pero vostede di: «todos os científicos...», non, «todos os científicos» é a afirmación menos científica do mundo, a menos científica do mundo. Nin todos nin unha parte, nin unha maioría. Hai algúns informes —os que encargaron vostedes— que lles din o que vostedes prefiren que lles digan, e hai outros informes que din outras cousas. E terán que resolver os que saben. Non nos pregunte a nós —que nós non somos químicos, aquí non temos enxeñeiros químicos ou enxeñeiros de materiais—, porque non é a nosa responsabilidade; nós avaliamos a cuestión política e a xestión. Iso si, o maior técnico deste asunto sobre o problema que podían traer os plásticos e a posible toxicidade e contaminación, o conselleiro do Mar —aínda compañeiro seu—, dixo: «no peixe entran por onde entran e saen por onde saen»; que eu, antes de dicir iso, creo que debería telo pensado dúas veces, ou tres. Pero, por se acaso, vostedes aínda despois estiveron discutindo sobre a actuación no mar, que din agora que ten que actuar o Goberno do Estado no mar.

Lémbrolles de novo —se mo permiten— a carta do conselleiro do Mar —esta carta debería poñelos colorados—: «Debido ás súas características, non resulta posible a retirada deste residuo no mar, xa que non se atopan na superficie, polo que estes labores deben ser acometidos unha vez que alcanzan a costa». Pero vostede di o contrario. Din cousas distintas

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en función de a quen culpar; se é para eximirse de responsabilidades, unha cousa; se é para culpar a outros, outra. ¡Son vostedes unha caricatura, señora Vázquez!, ¡unha caricatura! ¡É que non ten sentido! ¡Non ten sentido!

Os medios necesarios —esta é unha parte incrible—: Asturias, o primeiro día de detectar os *pellets*, o primeiro día, declara nivel 2 de alerta; Cantabria —goberna o Partido Popular—, o primeiro día de detectalos, nivel 2 de alerta; Galicia, catro semanas despois, por tozudez. Iso si, antes diso, vostede di —8 de xaneiro—: «non incrementaremos o nivel de alarma», e ademais: «non imos dicirlle ao Estado os medios que precisamos, xa saberá o Estado» —8 de xaneiro—. Ao día seguinte, incrementan o nivel de alarma, e vostede di: «¡se non tardamos tanto!», ¡Catro semanas! 1 día en Asturias, 1 día en Cantabria, 4 semanas en Galicia. Iso si, despois de dicir que non llelo ían dicir aos medios —díxoo vostede—: «nós non imos andar pedíndolle os medios ao Estado; xa saberá o que ten que facer», pídenlle: 4 barcos, 7 lanchas, 1 avión, 2 helicópteros e 1 submarino robotizado; *(Murmurios.)* todo iso para facer o que o conselleiro do Mar di que non se pode facer, que é recoller no mar. Son vostedes un meme, señora Vázquez, ¡un meme! E este é o problema, que vostedes non teñen a culpa de que caesen os *pellets* ao mar, pero si son responsables da xestión ou do que sexa que foi isto. Vostedes son responsables.

Señora Vázquez, mire, eu creo que a situación xa é máis grave do que parece, xa non polo termo medioambiental, que por suposto, senón polos bandazos que dan vostedes, e isto é inaceptable. Se vostede, non tendo culpa dos vertidos, se exime da súa propia responsabilidade, se vostede, responsable de Medio Ambiente da Consellería de Medio Ambiente no Goberno de Galicia, afirma que non sabía nada e que primeiro podían ser perigosos pero que logo non se sabe, que non é a súa responsabilidade e se comporta como unha *hooligan,* vostede debe dimitir ou ser cesada automaticamente. E o seu compañeiro, o conselleiro do Mar —que evidenciou que isto lle quedou grande dende o primeiro minuto—, que é unha contradición en si mesmo e que o único que sabe facer é empeoralo todo, se cre que isto se amaña dicindo «o plástico entra por onde entra, pero sae por onde sae», polo mesmo sitio que entrou no Goberno que saia xa, e debe dimitir ou ser cesado. Nós cremos que esa, de entrada, podería ser unha boa solución para axudar, polo menos, a ter un pouco de sensatez e claridade, porque vostedes son o goberno que ten que xestionar isto. E, por tanto, nós, polo menos, o que queremos é responsables que transmitan certa tranquilidade. ¡Se a maior intranquilidade son vostedes! ¡Se son vostedes o gran problema! Porque temos un problema medioambiental, pero Galicia ten demostrado en moitísimas ocasións que é capaz de afrontar problemas; e claro que é unha preocupación, pero este pobo é capaz de afrontalo e de resolvelo. Aquí o maior problema son vostedes, que son os que están facendo disto un caos, onde xa ninguén é capaz de entender o que están facendo, se é que están facendo algo. Nós cremos que vostedes deben dimitir ou ser cesados inmediatamente por ese señor que di que é presidente pero que está desaparecido. Hai un señor que di que é presidente, pero non dirixe nada, e ese señor debería de cesalos a vostedes, se é que non dimitiron antes, que deberían.

Nós aproveitamos dende aquí como grupo político que somos para utilizar este Parlamento ben, xa que vostede veu hoxe comparecer, pero neste Parlamento o Partido Popular negouse a que comparecese o señor Rueda, e nós cremos que vostede está desautorizada neste

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

problema. Nós invitamos, ademais, o Bloque Nacionalista Galego a que, se vostedes non dimiten ou son cesados, asinemos conxuntamente unha petición de reprobación, porque é o que corresponde, xa que vostedes non están á altura das circunstancias que estamos a vivir. E, por tanto, nós cremos que nesta situación que estamos vivindo agora vostedes son o grave problema da xestión, vostedes son responsables de mentir e vostedes son os responsables de enganar, e o que necesitamos é certezas dun goberno que dirixa a situación. Poderemos discutir despois, cando resolvamos o problema medioambiental, sobre as cuestións que corresponda, pero polo menos un goberno que tome decisións, que xestione e que non se dedique a facer de pasante de papeis e a mirar para outro lado, que o que están facendo vostedes.

Galicia merece un goberno que non lle minta e vostedes empezaron a mentir moi pronto e seguen mentindo con demasiada contundencia e con demasiada alegría. E isto non é decente, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Conselleira, señorías, estamos ante un desastre ambiental no que Galiza soporta unha marea de plástico de 26 toneladas que están contaminando as nosas praias. E aquí a pregunta é moi clara: ¿onde está o señor Rueda? ¿Por que hoxe o señor Rueda non está nesta Cámara dándolle explicacións á cidadanía galega sobre a súa xestión respecto desta crise dos *pellets*? ¿Onde está o señor Rueda? ¿Por que se esconde e non vén ao Parlamento de Galiza?

Digo isto porque ¡menudo papelón, señora conselleira! Vostede veu aquí repetirnos ese argumentario que está utilizando o Partido Popular de falsidades e mentiras, e todo porque o presidente da Xunta debería de estar aquí dando a cara e non se atreve a comparecer no Parlamento de Galiza.

Creo que os gobernos —e o liderado dos gobernos— onde se miden é cando hai problemas, cando hai situacións onde hai que estar á altura das circunstancias. E o que é evidente é que o Goberno de Rueda deu a peor das respostas posibles. Porque ante unha catástrofe ambiental o Partido Popular repetiu ese infame protocolo de actuación do *Prestige*: ocultación, mentiras, manipulación e incompetencia. É que mesmo nalgúns momentos rozaron o ridículo con algunhas declaracións que son disparatadas e que teño que dicirlle que sorprenden, indignan e dan vergoña allea a partes iguais.

Nós sabémolo e dicímolo con toda rotundidade: afortunadamente non estamos ante un *Prestige*, ¡afortunadamente e menos mal!, porque o certo é que a resposta que está dando o Go-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno do PP o que nos di é que a nosa costa está tan indefensa como cando hai vinte e dous anos o chapapote cubriu o noso país.

É evidente que aquel desastre nos marcou a moitas xeracións. E estou convencida de que esas imaxes que quedaron na memoria, na retina e no corazón de miles de cidadáns, tamén foron as que impulsaron a que durante estes días saísen sen medios e sen recursos a limpar as praias e a suplir a ausencia dos gobernos. E quero dicilo tanto da Xunta de Galiza como do Goberno do Estado. Fronte a esa falta de actuación dos gobernos, a cidadanía deste país volveu darnos un exemplo de dignidade colectiva que para min, desde logo, como galega, é un orgullo.

E vemos que fronte á dignidade da cidadanía e tamén dos concellos aos que vostedes deixaron sós, o que temos é ao Partido Popular repetindo exactamente o mesmo *modus operandi* dese nefasto protocolo que aplicaron durante a marea negra.

Primeiro, ocultaron os feitos. O señor Rueda tardou case un mes en reaccionar ao vertido. E é que nin sequera estaba en Galiza cando o fixo. Fíxoo desde Madrid, e a súa gran aportación foi criticar a cidadanía que estaba denunciando esta marea plástica, cando pedían máis medios para atallar o dano canto antes.

O segundo paso na súa estratexia foi quitarlle importancia ao desastre. Tardaron semanas en reaccionar, pero, iso si, foron rapidísimos, rapidísimas antes á hora de informar e de dicirnos que non había ningún tipo de toxicidade, aludindo a informes que nin fixeron públicos nin presentaron ante este Parlamento. De novo o que vemos é opacidade e falta de transparencia.

Mentres minimizaban o problema, a unidade especializada en Medio Ambiente da Fiscalía Xeral abre unha investigación porque ve indicios de toxicidade. E tamén sabemos, conselleira, que non só é plástico o que teñen estes *pellets*, tamén teñen outro tipo de substancias, entre un 10 e un 12 por cento dun aditivo, que teñen que analizar ben. Porque fronte á información que dá a navieira a respecto da súa composición, xa sabemos que polo menos ten 2 compoñentes que non están nesa ficha. Antes de dicir se son tóxicos ou non, os científicos teñen que comprobalo. E hai un principio que sempre ten que estar aí, que é o principio de precaución. Sabemos que a normativa en materia de plásticos é unha normativa que é moi laxa en certos ámbitos e, polo tanto, hai que analizalos ben. Eu pediríalles que conten tamén cos científicos e coas científicas e coas universidades públicas deste país, porque non se entende que non o estivesen facendo. Hai investigacións que están facendo científicos e científicas pola súa conta ou a iniciativa dalgún concello, pero vostedes foron por outra vía. En todo caso, do que si sabemos que estamos falando é de que son 26 toneladas de plásticos que poden tardar séculos en desaparecer.

Vostedes eu creo que debían de ter aprendido que non se resolven os problemas intentando ocultalos, senón que se resolven poñéndose á fronte e dando solucións, e isto é o que tiña que facer un goberno responsable. Pero o que temos é un goberno irresponsable, incompetente e tamén prepotente.

Tras ocultar e minimizar o problema, o seguinte paso do seu protocolo foi poñer en marcha unha campaña de lavado de cara, utilizando os medios públicos para manipular; por exemplo

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

difundindo imaxes de brigadas que ían limpar, pero que, curiosamente, só limpaban cando estaban as cámaras, logo desaparecían. E isto non o denuncia o BNG, é que o denunciou a cidadanía nas súas redes sociais; esa mesma cidadanía que tamén, coa súa mobilización, foi quen sacou á luz o que vostedes querían ocultar.

Hoxe aseguran que hai 300 efectivos nos labores de limpeza. Eu vou darlles un único dato: en Galicia temos 1.500 quilómetros de litoral. Vostedes fagan contas e dígannos se isto é suficiente.

E por se todo isto fose pouco continúan mentíndolles aos galegos e ás galegas, como cando afirman que colaboran cos concellos, cando vostedes o que fixeron foi, literalmente, deixalos tirados durante semanas. A súa aportación foi remitirlles unha carta despois de tres semanas da chegada dos *pellets* na que lles dicían que os únicos responsables de recoller eran eles. Esa era toda a colaboración que ofrecía a Xunta de Galiza.

E, mire, concellos liderados polo BNG, como son o Concello de Muros ou ao Concello de Ribeira, que están na zona cero do vertido, foron máis eficaces e resolutivos que o Goberno da Xunta, e non dubidaron en actuar, mentres este goberno estaba botando balóns fóra.

Pero é que, ademais, seguen coas mentiras. O señor Rueda acaba de repetir que tivo coñecemento do vertido hai moi poucos días. Isto é o que dixo o presidente da Xunta: «A realidade é que o 13 de decembro un veciño de Ribeira retiraba das praias 40 sacos de *pellets* plásticos, e ese mesmo día avisaba ao 112 para comunicarlle a aparición dun material que cheiraba a gasoil ou gasolina».

Tamén é a realidade que foi a propia Xunta de Galiza —non o 112—, os técnicos da Consellería de Medio Ambiente, quen o 13 de decembro avisaban o Concello de Ribeira de que había ese vertido, e dicíanlle que procedese a retiralo. Eses mesmos técnicos non só avisaron o Concello de Ribeira, avisaron os seus superiores e, polo tanto, vostede tiña que ter coñecemento desta situación. É dicir, que o Servizo de Emerxencias, que depende da Xunta, coñecía a chegada deste problema ás nosas praias e a Consellería de Medio Ambiente tamén o sabía. Pero temos un presidente da Xunta que di que se entera agora do desastre. Eu non sei que é peor, se un presidente que lle mente á cidadanía ou un presidente que non se entera de nada e que non se entera nin polos medios de comunicación. Fixésense, *Diario de Arousa (A señora Pontón Mondelo mostra un documento.)* di o 16 de decembro: «Cincuenta e dous sacos con millóns de *pellets* plásticos en praias e rocas desde Espiñeirido ao faro de Corrubedo». Pero, en todo caso, ¿saben o que si é certo, señorías do PP? Que eses 52 sacos son unha pequena mostra das 26 toneladas caídas ao mar cinco días antes procedentes dun cargueiro de bandeira liberiana.

A Xunta, señora conselleira, non actuou rápido; tardou semanas en activar o Plan de emerxencias por contaminación mariña e un mes en activar o nivel 2 de alerta. Asturias tomou esta decisión en 24 horas.

Vostedes sempre nos veñen aquí dicir que son uns grandes xestores, presumen de ser uns grandes xestores, pero é que non son capaces nin de xestionar a caída dun contedor ao mar.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E en canto hai un problema o único que vemos é a súa enorme, a súa xigantesca incompetencia.

Un día negan o desastre e ao seguinte culpan a outras administracións porque non o resolven. Un día din que non é posible recoller os *pellets* no mar e ao día seguinte reclaman que se utilicen todos os medios para recoller os *pellet*s no mar. Un día din que non fai falta declarar o nivel 2 porque non é necesario, que non hai toxicidade e ao día seguinte soben a alerta ao nivel 2. Un día din que non se precisan medios nin a axuda do Estado e ao día seguinte din que é un imperativo que se impliquen.

A cidadanía deste país merece algo máis. Desde logo, o que vostedes demostran coa súa incompetencia é que non están á altura do que este país necesita, e é que, ademais, esa incapacidade está danando a imaxe de Galiza. Insisto, presumen de ser grandes xestores, pero á primeira de cambio escorren o vulto, non se poñen á fronte dos problemas, e simplemente o que están buscando é a quen botarlle as culpas e non como solucionar esta situación.

E para colmo, ademais deste recital de ocultación, de mentiras, de manipulación e de incompetencia, levamos asistindo días a unha confrontación absolutamente inútil entre o Goberno do Estado e o Goberno da Xunta; un novo pim pam pum con Galiza, mentres vemos como o plástico invade o noso litoral.

Eu creo que, á vista de todo o que sabemos, é evidente que nin o Goberno central nin o Goberno galego estiveron á altura, os dous fracasaron e, desde logo, non souberon calibrar o alcance deste desastre. Insisto, non estiveron á altura.

Pero tamén estamos nun momento en que o que menos necesita este país é máis liorta e máis confrontación, e eu quero pedirlle que a súa actitude como responsable neste ámbito sexa a de colaboración e que se poñan a traballar dunha vez man a man Xunta e Goberno do Estado, con todos os medios necesarios, para retirar esa marea de plástico e para poder limpar o noso litoral. Esta é, desde logo, a principal preocupación que temos no BNG…

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: …e tamén creo que a principal preocupación que ten o conxunto da cidadanía.

E quero rematar cunha recomendación, con toda a humildade, ao señor Rueda —ausente—, e é que non menosprece a intelixencia dos galegos e das galegas intentando tapar con mentiras e manipulacións a súa nefasta xestión desta crise ambiental. É unha falta de respecto, xa non co BNG, senón con miles de persoas que se mobilizaron para limpar as nosas praias mentres o Goberno da Xunta non facía absolutamente nada.

Quero tamén trasladarlle todo o apoio do BNG á xente do mar e ao noso sector pesqueiro e marisqueiro, que é un referente absoluto de calidade. Galiza é unha nación pesqueira, e o meu obxectivo é que o siga sendo con moitas máis fortalezas no futuro.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, os galegos e as galegas, señora conselleira, merecen un goberno que non lles minta, que afronte os problemas de cara e que se poña de fronte para aportar solucións; merecen un goberno que estea á súa altura...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e teñen toda a colaboración do BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para poder enfrontar esta situación e resolvela da mellor maneira posible. Esa é a prioridade, pero non máis mentiras, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Conselleira, benvida.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan para agradecer a súa comparecencia, para agradecer a información que nos facilitou hoxe e para agradecerlle o ton e o rigor da súa intervención; ton e rigor que non foron necesariamente correspondidos. Unha comparecencia tras a que calquera que a escoitase con atención debería ter moi claro a diferenza entre a actuación responsable da Xunta de Galicia e a total inacción do Goberno de España, que leva eludindo as súas obrigas coa costa galega desde o día no que coñeceu o incidente.

Señorías, o Goberno de España tivo constancia da caída de seis contedores do buque *Toconao* o 8 de decembro por comunicación directa do Goberno portugués; un dato obxectivo que non negou ninguén, agás o candidato socialista á Xunta de Galicia. Ninguén o negou. Trinta e cinco días despois, con polo menos tres comunidades autónomas afectadas e con restos chegando ás costas francesas, o Goberno de España segue sen activar ningún plan estatal —¡ningún!—, nin o Plan marítimo nacional nin o Plan Ribera; trinta e cinco días despois de ter coñecemento da caída de seis contedores. A mesma vicepresidenta Ribera, que hai escasas datas impulsaba un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do litoral de Galicia por invadir competencias estatais, leva un mes sen exercer as súas competencias exclusivas no mar. E non, señorías, non é discutible. Eu recoméndolle unha visita breve á páxina web de Salvamento Marítimo: «*La Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima se encarga de la lucha contra la contaminación procedente de buques y de instalaciones mar adentro, si bien puede participar en operaciones de respuesta para incidentes de comunicación en tierra*».

Recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de España. «*Séptimo. Otros motivos de inconstitucionalidad específicos: artículo 11, apartado primeiro —inciso—: «...y la lucha contra la contaminación marina en cuanto se refiera a los vertidos mar-mar, en la medida en que non se excluyen las competencias sobre estos vertidos de la atribución competencial a la Xunta de Galicia*

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de la lucha contra la contaminación marina, obviando la jurisprudencia constitucional en esta materia y la inclusión de la misma en el concepto de marina mercante».

Hai uns meses —escasos dous meses— recorrían a lei galega porque a competencia da loita contra a continuación no mar era exclusiva do Estado, e hoxe levan trinta e cinco días sen tomar unha soa medida. ¿A quen lle pedimos agora dimisións e responsabilidades?

A min gustaríame abordar nesta intervención os dous episodios de contaminación que estamos a vivir nas últimas semanas: un episodio de contaminación real e un episodio de contaminación informativa. Galicia está a padecer un vertido de *pellets* que está contaminando as nosas costas, un vertido que non ten máis culpable, máis responsable, que o causante do mesmo, perante o que deben actuar distintos responsables en función das súas respectivas competencias. Xunta de Galicia e concellos actuaron dende o primeiro momento no que tiveron constancia dos feitos, pero non podemos dicir o mesmo do Goberno de España. Os concellos teñen a competencia da limpeza de praias, non é unha novidade, e estana a exercer limpando as praias e vixiándoas, como é a súa responsabilidade. A Xunta ten a competencia sobre o litoral e a coordinación, e está a exercela limpando a costa con máis de 200 efectivos, que serán 300 esta fin de semana, e o Goberno central ten competencia exclusiva sobre o mar en materia de residuos que chegan do mar á terra. Creo que estamos todos bastante de acordo en que o cen por cento dos recursos que ocupan esta comparecencia chegaron todos do mar á terra, competencia exclusiva do Goberno de España. Non a está exercendo, ou polo menos non de maneira efectiva.

Eu creo que o razoable sería que as administracións cooperasen para minimizar este vertido, pero a realidade é que unha desas administracións, unha delas, está a escabullir as súas responsabilidades, manipulando o relato sobre as competencias. É falso, a competencia no mar é exclusiva do Estado e pode exercela dende o 8 de decembro, manipulando o relato sobre os protocolos. ¿Pero de verdade vostedes pretenden facer crer aos galegos que para que o Estado active un plan nacional a dependencia é que a Xunta active o seu plan rexional? ¿Pero que broma é esta? ¿Pero por que lles toman o pelo aos galegos?

E, por último, manipulando o relato sobre a información. Pero, señora conselleira, fronte a esa manipulación interesada que pretende confundir os cidadáns cun embarullado cronograma de datas do que falaban onte e que volveron repetir hoxe, hai unha realidade moito máis sinxela, moito máis sinxela de explicar e moito máis sinxela de entender, e é unha que non pode negar ninguén ata o de agora. Mire, toda a información que vostedes consideran esencial e que foi obtida pola Xunta trasladouse ao Goberno de España en cuestión de minutos —¡minutos!— ; toda, o cen por cento da información que obtivo a Xunta de Galicia nese teléfono 112. Toda a información esencial obtida polo Goberno de España tardou semanas en chegar á Xunta de Galicia, cando chegou —¡cando chegou!—. Esa é a diferenza, a información que recibiu un trasladouse en minutos e a información que recibiu o Goberno algunha non chegou e a que chegou tardou semanas. Logo, se teño tempo, entraremos con detalle nalgunhas cuestións que a min me parece que son importantes.

Señorías, desde que comezaron a chegar *pellets* á costa galega, recolléronse algúns materiais, e eu creo que hai que aclaralo. Mire, recolléronse 67 sacos íntegros —67 sacos— e outros

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

39 sacos recolléronse manualmente espallados polas distintas praias e costas galegas. Recolléronse 67 sacos por apenas tres persoas e en apenas uns minutos e para 39 sacos —moitos menos— foron necesarias centos de persoas traballando durante días manualmente na praia. Se non entendemos a importancia de interceptar sacos no mar, imos seguir condenados a retirar *pellets* en terra á man durante moito, moito, moito tempo. Porque dicía a señora Pontón que chegaron 24 toneladas, nun desastre ecolóxico...; 24 toneladas que están chegando ás nosas... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, chegaron 106 sacos a día de hoxe. É certo que temos o risco de que poidan chegar máis, pero por iso lle estamos pedindo ao Estado que actúe, que comprobe o estado do contedor. Non sabemos se seguen saíndo *pellets* do contedor, se está vacío, se se pechou a parte que se abriu cando caeu ao fondo do mar. Non o sabemos, pero aquí ninguén fai nada por averiguar.

E non poden dicir, como se está dicindo dende hai días, que é imposible localizar sacos no mar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o dixo o conselleiro; o conselleiro trasladou por carta aos concellos a información que lle trasladou o Ministerio. Teño aquí o *mail*, e o que di; se queren, facilítollelo. Efectivamente, traslada esa información, como é a súa obriga, pero a realidade de que non se poden atopar sacos no mar... Onte atopáronse dous por dúas embarcacións pesqueiras. Díxenllelo onte e repítollelo hoxe: os únicos sacos imposibles de detectar son os que non se buscan.

Nós imos seguir a limpar, a loitar contra este vertido, e seguiremos loitando contra esa marea de desinformación, de intoxicación que vostedes levan tratando de espallar por Galicia nestes días; unha marea de información falsa, de *fake news*, de bulos, co único obxectivo de obter rédito electoral, aínda que sexa a custa da reputación de Galicia. Perdan toda esperanza, os galegos non os van apoiar máis por desprestixiar a súa terra.

Non é certo que existan dúbidas sobre a toxicidade dos *pellets*. Son totalmente inocuos para os humanos. E estas informacións que van aparecendo, dicindo que hai informes contraditorios da Xunta, son desmentidas polo mesmo informe que acompaña a información *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* no que ata dez veces se afirma que o material é absolutamente inocuo.

Non é certo que este incidente teña algunha semellanza co *Prestige*, e eu quero amosarlles unha gráfica que me parece que é significativa. *(O señor Pazos Couñago mostra unha gráfica.)* Estes son os vertidos do *Prestige*, e esta liña, case inapreciable que ven vostedes aquí, é o contido total dos *pellets* que están no contedor; non o que chegou a Galicia ¡eh!, o que está por aí.

Non é certo que isto se pareza a ningún accidente como o do *X-Press Pearl*, en Sri Lanka, que levaba 1.486 contedores, 81 de mercancías perigosas, 25 toneladas de ácido nítrico, 348 toneladas de aceite, 9.800 toneladas de resina epoxi e 75.000 millóns de *pellets*. ¿Pero como se pode facer esa afirmación tan gratuíta?

Non é certo que exista ningún risco para consumir peixe e marisco galego. ¡Non é certo!, ¡non é certo! Eu creo que vostede está inundando, señora Pontón..., igual as redes de información, pero non as segue; se as seguise, vería cantidade de militantes do BNG que están

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

introducindo sospeitas sobre os riscos do consumo de peixe e sobre a afección da pesca galega. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Iso é rotundamente certo!

E, por certo, quero agradecer expresamente ao ministro Planas —porque, cando algo se fai ben, se fai ben— o seu respaldo á calidade do produto do mar galego. E non, non, señorías...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...non é certo que en Galicia aparecesen peixes tragabolas ¿verdade?, como o que nos queren facer coar as xuventudes socialistas e que son dun accidente en Sri Lanka. E non, non é certo que haxa piscinas de *pellets* *(O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.)* nas praias galegas, como queren facer aparentar vostedes na súa convocatoria, porque é tan dramática a situación que non atoparon unha soa foto que lles valese para a súa convocatoria e tiveron que coller unha de catálogo dun fotógrafo californiano. *(O señor Pazos Couñago mostra dúas fotografías, unha en cada man.)* ¡É unha vergoña!, ¡é unha vergoña! Tíñalles que caer a cara de vergoña. ¡É manipulación! Si, señorías, ¡manipulación!...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E, por certo, como é manipulación dicir que foi a xente a que denunciou que só os operarios da Xunta traballaban ante as cámaras. Non foi a xente, foi unha alcaldesa do BNG, e a xente despois repetiu a súa mensaxe. ¡Foi unha alcaldesa do BNG! A ver se tamén toma vostede, nas súas competencias, algunha medida e alguén ten que dimitir pola noxenta campaña que se está facendo e que prexudica gravisimamente os intereses de Galicia.

Moitas grazas polos datos, conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Torrado, vostede ou non escoita ou non quere escoitar. Eu si que escoitei todos os eloxios, e creo que, entre políticos, o podemos facer un pouquiño mellor.

«Caricatura, meme, *hooligan*», esas son as tres cousas que me dixo no día de hoxe; e eu respóndolle tan só cunha: ¡menudo irresponsable! E dígolle menudo irresponsable porque eu, sexa vicepresidenta, conselleira ou deputada, créame que digo a verdade; podo defender o meu partido político, pero nunca diría a sarta de mentiras, unha tras outra, que vostede difundiu no día de hoxe aquí. E dígoo porque, ademais, se contradí totalmente, contradí o que di a señora Teresa Ribera e contradí o que di o señor Planas, e, por suposto, hai algún

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ministro ao que é mellor deixalo atrás. Dígoo porque é moi grave; é moi grave dicir que cando se mandan unhas analíticas a un laboratorio estas poden estar alteradas, ou ¡fíxate!, se queremos facer unha interpretación... Despois díganme vostede e os señores do BNG que é o que quixeron dicir con todo isto, porque están os dous aí á par. É moi grave, porque detrás disto hai químicos que están facendo o seu labor e plasman unha sinatura.

E créame que se vostedes fixesen o seu traballo —e cando digo vostedes, refírome tanto aos señores do BNG como aos señores do PSOE, porque son auténticos cómplices do señor Sánchez uns e outros— nin sequera teriamos que facelo nós, porque non nos compete. E digo que non nos compete porque hai unha competencia única e exclusiva —e está perfectamente regrada—, que é o transporte marítimo, e ese é do Goberno central única e exclusivamente. E é vergonzoso que aínda no día de onte se nos pida no comité executivo do Camgal a ficha técnica do produto porque o delegado do Goberno aínda non a ten.

Polo tanto, de verdade, aquí, se teñen que dimitir, unha de dúas: ou váianse vostedes como deputados ou que se vaian uns cantos ministros, porque non hai maneira de entendelos, e así non se pode ir pola vida. Isto, por un lado.

Por outro lado, é que escoitamos cousas como que queriamos unha carta aos Reis Magos. ¡Pero, ¿que carta?! En primeiro lugar, ante o respecto institucional, o que pedimos foron os medios necesarios, precisos e que tivesen, e ríronse dicindo: «*enumérelos usted*». Pois o que fixemos foi enumeralos. E non é ningunha risa, porque esa mesma risa xa aconteceu tamén cando foi o *Pitanxo,* que tiña que baixar un robot e tiña que selar. Pois que sele ese contedor, porque ten que selar ese, e temos que ter a información do que acontece co demais.

Fronte á demagoxia —porque eu vexo que hai unha gran demagoxia—, está o traballo do Goberno, o traballo do Goberno de Galicia; e, ¡ollo! de aquí non vai saír reforzado o Goberno, van saír reforzados os galegos e as galegas e tamén a súa imaxe, como así o vén facendo no día a día. ¡E miren que custa!, custa porque en fronte temos alguén que continuamente está poñendo trabas. Pero eu vin aquí informar, e créanme que o vou facer e que vou intentar, ademais, responder ao que vostedes me trasladan.

A señora Pontón dicía que había non sei cantos quilómetros de praia. Se temos coñecemento de que hai 55 praias afectadas, é aí onde temos que estar traballando, que é o que estamos facendo agora mesmo. Hai 900 praias. A Dios gracias, agora mesmo algunhas están afectadas con moi pouca cantidade, pero hai que retiralos, e é aí onde se está traballando, e ademais nos 32 concellos.

E eu dígolles: pídanlles desculpas a eses traballadores, porque os traballadores que están aí non son traballadores do Goberno, non son traballadores do PP, é xente que ou estaba no paro ou está en empresas. Polo tanto, débeselles un respecto, ao igual que nós llelo debemos aos traballadores dos concellos. ¡Ata aquí podiamos chegar!

A min gustaríame saber, señora Pontón, vostede que cogoberna —porque eu teño que dicilo así, cogoberna co PSOE a nivel nacional—, se lle pediu explicacións ao Goberno central das xestións realizadas coa navieira ou co Goberno luso. ¿Pediulle explicacións do que fixo dende

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o día 8 de decembro ata o día 3 de xaneiro? Ínstoa a que, se non o fixo vostede, o faga, porque vostede é cómplice nas súas actuacións. Dígoo por aquilo de que continuamente critica, pero despois vota a favor as súas propostas e as súas iniciativas. ¿Sabe se houbo contactos para saber a realidade desta situación? ¿Sabe se se puxo o Goberno en contacto coa empresa? En definitiva, ¿pódennos dicir cal vai ser o papel que xogue o BNG en todo isto? Porque a min me gustaría que fose un papel de apoiar a Galicia e de estar con Galicia e non simplemente de criticar nun momento determinado, pero noutro de dicir: ¡fíxese que escándalo que o problema é do Goberno galego! Non, hai un problema que vén do mar. E, polo tanto, nós estamos en terra para axudar e facendo o posible para minimizalo. Pero é o Goberno central o que ten que dar as primeiras respostas.

Eu xa lle adianto que non se fixo nada. E dicíao anteriormente, chamoume moitísimo a atención porque onte, no comité executivo, o pobre do delegado do Goberno —que teño que dicir que veu con moi boa vontade— é que non tiña información de ningún tipo. ¡Se a ficha do produto está colgada na páxina do Camgal dende antonte, e onte estábanos pedindo a ficha do produto! ¡Ollo!, que a temos, porque a pedimos. Pero é que nos tiña que vir dado, porque nós non somos os responsables no mar. ¿Ou é que acaso un policía local pode ir sancionar a unha autopista? Pode ter os coñecementos, pero non ten a competencia. ¿Ou é que acaso un médico de primaria pode ir dirixir unha operación na UCI? Pois non, pode ter os coñecementos, pero non ten a competencia.

Esa é a realidade, unha realidade que deberían de afrontar, e pola cal nós deberiamos de avanzar.

Pero imos máis aló. No día de onte eramos coñecedores —e aquí teño os correos, ¿vale? *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra uns documentos.)*— de que, a través da Secretaría Xeral de Consumo —do Estado, de Medio Ambiente—, se lle pide ao Miteco facer que lle pase información sobre o produto, que lle pase os *pellets*, e o Miteco o que responde é que non é a autoridade competente. Polo tanto, volven recorrer unha vez máis a Galicia e pídennos por favor a ver se temos algún saquiño para que poidan analizalo. ¿Parécelle que isto non é irresponsabilidade?

Por outro lado, están as desculpas, unha tras outra. E, mire, non se escuden vostedes en ningunha carta do conselleiro do Mar. O conselleiro do Mar o que fixo foi reproducir o que lle mandaron por parte do Goberno central. E, fíxense, que de repente empezaron a dicir os distintos ministros que non se poden detectar os sacos no mar. Os sacos flotan. Onte mesmo —e aquí teño que corrixir o señor Pazos— é que non foron 2, é que xa van 3. E, ¿por que? Porque, despois de obter toda a información, a xente do mar avista, ve o que hai e procede á súa recollida; e resulta que, quen tiña que estar facendo, segue de brazos cruzados. Pero é que, ademais, nos avala a Organización Marítima Internacional, que a recollida dos sacos de *pellets* debe facerse no mar para minimizar o seu impacto en terra.

Pero é máis, eu sigo informando, e informo á señora Pontón e ao señor Torrado de que o día 5 de xaneiro, a través do conselleiro do Mar, se solicitou ao Ministerio de Transportes a activación do Plan marítimo nacional por vir así exixido no artigo 7.2 do Real decreto do 21 de decembro de 2012. E, en concreto, no artigo 11.4 —dígoo por aquilo de que nin sequera vos-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes o teñan que buscar—. E segue sen contestarse a día de hoxe por parte do ministro dende o día 5.

Pero podiamos afondar máis, porque hai que ter en conta que o 30 de decembro de 2023 se publicou no BOE a Orde do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico pola que se aproba a inclusión de seis espazos mariños protexidos na lista de lugares de importancia comunitaria, Rede Natura e, polo tanto, LIC; dúas cepas en augas mariñas españolas. Unha é o corredor migratorio galaico-cantábrico occidental —onde aí estamos nós—, unha cepa que é única e exclusiva do Ministerio, e na que seguen sen activar o plan. Polo tanto, irresponsabilidade dobre que eu agardo que, en todo caso, se dirima onde se ten que dirimir.

A señora Pontón facíase eco o 13 de decembro e, entón, bueno, queren un pouco ridiculizar o traballo que se realiza por parte do 112. O 112 ten 2.600 chamadas diarias, e 1.500 ao ano que teñen que ver con vertidos. ¿E que fai o 112? Protocoliza. E aquí o que fixo foi poñerse en contacto co centro estatal de Fisterra, que lle comunica literalmente que non vai tomar ningunha medida ao respecto. O 24 de decembro hai outra das chamadas ao 112, que tamén se lle notifica ao centro estatal de Fisterra, e din o seguinte: din que están pendentes de varias incidencias para saber se teñen relación cun buque que parece que perdeu contedores. Señor Torrado, esa é a información.

Polo tanto, non intenten vostedes —e señora Pontón— ridiculizar o traballo, porque está perfectamente medido e hai xente que contesta dende o outro lado. Efectivamente, puido haber fallos, pero moitos máis polo outro lado que por parte da Xunta de Galicia, que ten a obrigación de facer as comunicacións a aquelas entidades que son as que teñen a responsabilidade, e que neste caso é o Goberno central.

Pero é que é máis, é que o 4 de xaneiro, cando xa confirman que hai un vertido —perdón un vertido, non, hai seis contedores— e que un dos contedores, ao final, o que fai é verter *pellets* e que poden chegar á nosa costa, seguen quitando importancia e din literalmente que é un entre un millón. E iso faino o Goberno, e ademais faino por escrito.

E poñían de exemplo comunidades como a asturiana. Mire, a Asturias chegáronlle o día 5 os primeiros *pellets,* e é o día 8 de xaneiro cando activa o seu plan. O día 5 ata o día 8, e despois de saír noticias dende o día 3 de Galicia, unhas tras outras. Rapidamente din: que ben o está facendo Asturias. E nós alegrámonos de que así sexa, pero o que non se di é o operativo que fai a Xunta de Galicia con medios propios fronte ao operativo de Asturias que fai con medios propios.

Pero, fíxese, está o caso de Canarias. Nós, os galegos e as galegas, necesitamos ser respectados, porque, no caso de Canarias, sae publicado que o Ministerio pon á disposición de Canarias unha embarcación de salvamento marítimo, cando horas antes a Galicia se lle di que para que, que non é posible, que que importancia ten todo iso... ¿Terían algo que ver as votacións que ía haber no Congreso, señor Torrado? Porque a Canarias rapidamente se lle di que si, que poñen unha embarcación de salvamento marítimo, e a día de hoxe, mesmo a esta hora, eu non teño nin idea de se por parte do Goberno central hai algunha embarcación ou hai algún helicóptero. Parece que chegou alguén esta mañá e anunciou no aeroporto de La-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vacolla que se ía dar un paseo pola costa en helicóptero. ¡Oe!, que non o vexo mal, non o vexo mal, pero, polo menos, que nolo comuniquen ao Goberno galego. Polo tanto, hai un trato diferencial, e a min gustaríame poñelo en valor.

Pero tamén me gustaría poñer en valor o traballo feito polo Camgal, os protocolos aprobados polo Camgal... ¡Por favor, deixen de comparar co *Prestige*! ¡É que isto é a leche! É máis, é que eu pedín en reiteradas ocasións que, se nos temos que dar leches entre os partidos políticos, que o fagamos, pero a imaxe de Galicia que quede impoluta e sagrada. Polo tanto, deixémonos de imaxes escandalosas. ¿Que terán que ver 77.000 toneladas con 26 toneladas?

Pero, dígovos, é que parece que a Xunta, de repente, para vostedes non fixo nada. Nos últimos catro anos a cantidade de residuos mariños retirados do litoral e da costa foi dun total de 425 toneladas. E aí temos, efectivamente, dende vidro, cerámica, pasando por plástico, e os plásticos son un 21 por cento. E ese traballo realízase por un operativo que ten a Xunta de Galicia, ao cal lle teño que dar as grazas pola cantidade de voluntariado ben coordinado, pero tamén pola xente do mar que colabora e coopera en distintos programas.

Polo tanto, eu creo que é o momento de poñer en valor o traballo de todos, absolutamente de todos. Aquí non hai bos e malos traballadores porque o encargo sexa dun concello ou sexa do Goberno da Xunta de Galicia. Aquí hai persoas, hai profesionais, e, por suposto, se hai coñecemento de alguén que non o estea facendo ben, fágano vostedes por escrito porque se lle abrirá o expediente necesario, como se ten que abrir en calquera outra empresa.

Por outro lado, transparencia, e esa transparencia e seguridade ha de chegar á cidadanía

E, o terceiro, a Xunta actuou con total dilixencia dende o minuto cero.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

Abrimos agora un segundo turno.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bueno, eu creo que expresións como «darse de leches» son terminoloxías que tampouco deberían de formar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agradeceríalle ao Partido Popular —xa sei que non lle gusta— que nos permitan dar a opinión. Xa sei que, dadas as circunstancias, é o que precisamente non queren, pero, se non lles importa, eu querería dar, polo menos, a opinión, que debe ser practicamente xa o que lles queda por intentar boicotear neste país, que a xente dea opinión cando é discrepante.

E, falaba vostede, señora conselleira, neses termos, ademais, de mentir e das dúbidas científicas... Mire, voullo explicar outra vez, por se acaso non me expliquei ben. Non é un debate

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

científico ou técnico sobre a toxicidade ou non do material, iso corresponde a outros estamentos; esta é unha cuestión da xestión e da dirección política desta situación e desta crise medioambiental. Porque vostedes son o Goberno; non son nin os tertulianos, nin os científicos, vostedes son o Goberno —e eu repítollo porque ás veces parece que non o saben— e teñen que xestionar a situación.

Persisten, iso si, en facer disto un debate sobre o relato, en a ver se lle podemos botar a culpa a outro. Xa ve que incluso hai quen lle compra a mercancía, aínda que está avariada; pero hai quen lla compra, incluso non só do seu partido. Todos os meus desexos de éxito nesa vía. Eu creo que hai xente que se equivoca moito con isto de querer disparar a todo o mundo para ver se aparezo eu como mellor. Pero, en fin, cadaquén que faga o que queira. E se vostede quere seguir neste debate, pois siga nese debate. Nós o que queremos é un goberno que tome decisións, que sexa sensato, que sexa transparente e que non minta, e por agora vostedes non cumpriron ningunha desas, ¡ningunha desas! Dá a sensación de que a vostedes os *pellets*, as praias lles importan pouco e dá a sensación de que o que lle importa é: a ver se conseguimos botarlle a culpa a outros e tal.

Iso si, no medio de todo isto, vostede vén recoñecer unha vez máis que dende decembro os servizos da Xunta de Galicia están informando disto a outras administracións; é dicir, que o sabían. Entón, a ver se vai ser que a explicación é outra; vostedes sabían deste problema, pero o que intentaron é dicir: a ver se conseguimos que isto sexa un problema para outros. ¿Resolvelo? Non. ¿Evitarlle un problema medioambiental a Galicia? Tampouco. ¿Ser capaz de afrontar o problema ao principio para intentar resolvelo mellor? Tampouco. Pero a ver se conseguimos cargarlle o problema a outro. Esta é a clave. Igual resulta que estaban vostedes nunha teima destas de intentar utilizar calquera cousa para dispararlles a outras administracións, como o Goberno do Estado. Igual realmente si que tiña que ver con outros procesos que non están tan lonxe, pero que non están unicamente en Galicia. Si... Se non lle importa, a ver... Eu acéptolle calquera xesto, pero cun pouco máis de respecto, se pode ser.

En todo caso, señora conselleira, eu creo que vostedes deberían de ser conscientes de que son o Goberno —eu creo que por moi pouco tempo, pero son o Goberno de Galicia—, e vostedes teñen a responsabilidade de xestionar a situación, de afrontala, non de mirar o que pasa e intentar botarlles a culpa a outros. Porque fíxese, vostede bota a culpa de todo para arriba, ao Ministerio, ao Goberno de España; de limpalo, aos concellos e aos voluntarios —como dixo o señor Rueda: o que poida facer algo que o faga, o que queira facer algo que o faga—; de contalo: á mala toxicidade informativa deses medios que publican información. A prensa internacional ponos a vostedes no ollo das cousas e sinala, como sinala tamén a prensa francesa agora, que teñen un problema enriba, que ve o que lles pode vir e que isto é un problema por culpa dos intereses electorais de Feijóo. Dío a prensa francesa, onde —créame ¡eh!— o PSdeG non ten capacidade de influencia —eu..., é que non sei nin falar francés, xa llo digo—. A prensa francesa sinálalles a vostedes, por interese electoral, a xestión desta crise. ¡Se todo o mundo di o mesmo! Iso si, vostedes, en fin, se alguén manifesta un problema, intentan que non fale, discrepan, chámanlle de todo e acúsano de mentir, e aínda non me explicou en que quedan as cousas.

E tamén, por suposto, vostedes caen en incoherencias profundas consigo mesmos: vostede consigo mesma, porque non había que activar o nivel de alerta 2 e ao día seguinte acti-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vouno; vostede co señor Rueda, por se a toxicidade dos plásticos ou sobre quen ten que axudar —vostede dicía que se o Goberno e o señor Rueda dicía que axude quen axude—; todos co conselleiro do Mar, que con este si que coincidimos nunha cousa, discrepou con todo o mundo, consigo mesmo incluído. Iso si, sobre as cartas que envía dixo vostede literalmente —e corríxame se non é así—: «O conselleiro o que fixo foi reproducir o que lle mandou o Ministerio». ¡É fascinante escoitar que un conselleiro do Goberno de Galicia fai o que lle manda o Ministerio. E escribiu unha carta co que lle mandou o Ministerio —e apostaría tamén a que non a escribiu el—. ¿Para que vale o conselleiro, entón? ¿Queren renunciar tamén á Consellería do Mar?

Claro, e logo dime que non lles diga... ¡É que son vostedes unha caricatura! ¡Así é imposible falar con ninguén! ¡Se vostede vén aquí a disparar contra todo o mundo e a non explicar nada!, porque aínda non explicou realmente que perspectivas reais temos por diante, que é o que vostedes cren que tiña que estar feito polo seu Goberno que non fixeron e en que cren que se equivocaron, porque, se non, vostede considera que fixo todo perfecto, ¡todo perfecto! Non explicou nada diso, veu aquí falar doutras administracións e doutros.

Con isto, señora conselleira e co seu ton é difícil artellar ningunha cuestión máis sensata, porque vostedes non están nese plano, e vostedes están mentindo por sistema porque é o que saben facer. Así que eu, vólvolle repetir —utilizando as desafortunadísimas palabras do conselleiro do Mar— que tanto el coma vostede deberían de saír polo mesmo sitio que entraron no Goberno e deben dimitir ou ser cesados. Demostraron que non son un goberno e que son unha caricatura. Galicia merece un Goberno que non lle minta, e vostedes a verdade é que menten con evidente facilidade.

Por tanto, señora conselleira, creo que xa terminou o tempo de que vostedes dirixan este goberno, pero por decencia e por imaxe deberían vostedes, antes de esperar ás eleccións, ser cesados ou dimitir.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Eu o primeiro que teño que dicir é que estamos vendo como o Partido Popular e a conselleira, nesta comparecencia, seguen coa mesma estratexia: minimizar, manipular, buscar culpables e non asumir ningunha responsabilidade. Despois dun mes de ter o vertido de *pellets* nas nosas costas, que foi o tempo que a Xunta en actuar, eu creo que calquera cidadán que a escoite neste momento estará botando as mans á cabeza se lle di que iso é dilixencia, ¿Vostede cre que é dilixente coñecer desde o 13 de decembro que este vertido se estaba producindo e non facer absolutamente nada? ¿Cre que iso é dilixencia, señora conselleira? Nós chamámoslle incompetencia, que é o que está facendo o Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E creo que é moi grave, ademais, que se estea intoxicando con mentiras a cidadanía. Porque que o PP fale de manipulación informativa é que é cómico. Si, mire. *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)* Esta é unha imaxe que puidemos ver na TVG. Collen un saco e póñeno a flotar para falar de que os *pellets* flotan. ¡É que vemos cousas que son absolutamente incribles!

E eu pregúntolle, señora conselleira: ¿por que non utiliza os medios que ten a Xunta de Galiza para ir coller os *pellets* no mar? ¿Por que non se activan os helicópteros e os barcos que ten a Xunta de Galiza para ir recoller eses *pellets* no mar? Porque o certo é que outros gobernos que aínda non teñen esta marea si que o están facendo. O Goberno vasco lanza 2 barcos en busca de *pellets*. ¿Por que non mobiliza os medios que ten a Xunta de Galiza? *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)*

E, desde logo, hai moitas máis cuestións ás que vostede debe de responder. Porque, mire, na súa estratexia de buscar culpables —xa o vimos aquí—, atacou os concellos —esa é a súa colaboración institucional—; eses concellos que levan, durante semanas, sós, sen ningún tipo de apoio da Xunta de Galiza, limpando.

E, ¿como non? un clásico: a culpa é do BNG. Temos unha marea plástica que chega ás nosas praias, e a responsable da Xunta de Galiza que comparece aquí vén dicirnos que a culpa é do BNG. ¡Por favor, tomen en serio este país, porque estamos falando de algo moi grave, e a cidadanía galega merece tamén respecto das súas institucións, e a súa comparecencia de hoxe teño que dicir que non o é.

Díxonos tamén que había medios suficientes. Neste momento non hai 300 operarios. Pola información que vostedes dan, eses 300 operarios son para a fin de semana. Están dicindo que hai 55 praias afectadas. Pois ben, no momento álxido, teremos, como moito, 5,4 operarios da Xunta de Galiza limpando as praias. Mire, unha praia como a de Area Maior mide 1,8 quilómetros e ten 40 metros de ancho. ¿De verdade cre que se pode limpar con 5,6 operarios? É que isto é absolutamente insuficiente, señora conselleira, ¡absolutamente insuficiente! Unha praia —insisto— como Area Maior, ten 1.800 metros de largo, 40 metros de ancho, e vostedes dinnos que cunha media de 5,4 operarios son capaces de facer fronte a este problema. Reclamen máis medios e coordínenos co Goberno estatal para atender a máxima prioridade, porque, mire, se a cidadanía deste país foi capaz de autoorganizarse e en 48 horas estar limpando as praias, o que ninguén entende é como o Goberno galego e o Goberno central non son capaces de coordinarse para que haxa o máximo número de medios traballando no importante, que é limpar as praias, e deixando a un lado esa confrontación partidista e electoralista que se traen entre vostedes.

Porque todos e todas sabemos que a convocatoria electoral condicionou as súas decisións, condicionou as decisións do Goberno galego. Porque, en fin, vostedes aquí nos dixeron —mentindo descaradamente— que o Goberno só pode actuar cando haxa unha contaminación que sexa desde terra. Díxoo o portavoz do grupo parlamentario. Claro, eu teño aquí o DOG, *(A señora Pontón Mondelo mostra un DOG.)* que regula o funcionamento do Camgal e que nos di con claridade que vostedes tiñan que ter activado este Camgal desde o primeiro momento, desde o día 13 de decembro. Porque, ademais, o Camgal o que nos di é xusto o contrario: que

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hai que activar unha situación de alerta cando chegue contaminación, tanto procedente do mar como de instalacións en terra. «Tanto procedente do mar...», ¡pero é que isto é unha cuestión de sentido común! Ou sexa, a vostedes chégalles un vertido plástico, pero, ¡ai! se non os chaman desde Madrid, non fan nada. ¿Pero que clase de goberno é este? ¿Pero que maneira é esta de poder enfrontar esta situación? Si, señora conselleira. E vostede é responsable directa, e moito máis o señor Rueda, que non dá a cara e que non vén a este Parlamento a explicar a neglixente xestión que están facendo nesta materia. E volvémosllo repetir: é que, lamentablemente, repiten o protocolo de actuación do *Prestige*, é dicir, ocultación, minimizalo, mentira e botar balóns fóra.

Claro que non é o *Prestige.* ¡Afortunadamente non é o *Prestige*! Porque o que vostedes nos están demostrando é que, se fose un vertido que realmente tivese un problema de toxicidade moi grande, estariamos na mesma situación, e isto é intolerable, señora conselleira. ¡Intolerable! Este país, desde logo, merece moito máis.

E claro que as responsabilidades son compartidas, porque ten responsabilidades a Xunta e tamén ten responsabilidades o propio Goberno central. E vostedes teñen competencias e un decreto, que os obrigaba a activar o Camgal desde o primeiro momento. Obrigáballelo a activar desde o primeiro momento, e non o fixeron pola súa irresponsabilidade, pola súa incompetencia e porque non estaban á fronte deste país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Quero rematar con dúas últimas cuestións. Permítamo, porque creo, presidente, que o tema é o suficientemente importante.

Miren, quen dana a imaxe de Galiza é un goberno que non é capaz de actuar e que ten unha neglixencia como a de vostedes. Por certo, sabe vostede —ou debería sabelo— que o sector pesqueiro e marisqueiro leva durante os últimos catorce anos soportando unha caída constante de actividade e de capturas. Polo tanto, moito ten que ver a súa inacción á hora de coidar o noso mar. Claro que teñen unha responsabilidade, e agora mesmo teñen a responsabilidade de non estar á altura de xestionar esta crise ambiental como se reclama.

Señora conselleira —xa llo dixen e repítollo—, todos os gobernos, o galego e o central, teñen a máxima colaboración do BNG para que solucionemos canto antes esta crise, pero tamén lles dicimos que hai que poñer as pilas e que hai que cambiar a actitude. Necesítanse máis medios para limpar as praias, necesítase coordinación e menos confrontación partidista e necesítase transparencia. Comprometeuse a enviar os informes, e non nos chegaron, señora conselleira. Necesítase que se conte coa comunidade científica, con toda a comunidade científica, e, desde logo, necesítase un goberno que se poña á fronte, que non bote balóns fóra e que busque solucións, en vez de buscar culpables.

Galiza merece un goberno que estea á súa altura. Lamentablemente, o Goberno do Partido Popular demostrounos que non está á altura dos galegos e das galegas, nin da xente do mar deste país.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Pídolle desculpas, conselleira, porque en cinco minutos non me dá tempo a desmontar tanta trola, ¿non?, pero algunha, si.

Mire, manipular é utilizar fotos de California para falar de vertidos en Galicia. Manipular é dicir que pasamos dunha marea negra de chapapote a unha marea branca de plástico nocivo, que o dixo o señor Rego, que creo que segue sendo do BNG. Manipular é o que fixo algún diario —do que vostede, ademais, é accionista— facendo unha publirreportaxe e comparando a chegada de *pellets* a Galicia co afundimento e a explosión do buque *MV X-Press Pearl*, en Sri Lanka, con 1.486 contedores de carga. Iso si, iso si que é manipular.

Rirse da carta do conselleiro é moi simpático, pero, mire, voulle ler un correo que me facilitou do 4 de xaneiro do 2024. Seguro que lle soan as frases: «*Teniendo noticia a través del 112 por un particular informante de avistamientos en playas en nuestra línea de costa el día 13 de pellets de plástico, investigamos origen y pudimos concluir que era uno de los contenedores que perdió el buque* Toconao *el 8 de diciembre en Viana do Castelo. El día 20 informamos de lo anterior a la autoridad marítima, que, a su vez, informó a la Delegación del Gobierno, y D.G. Costas, Miteco. A la vista de estos hechos, concluyo que esta contaminación viene siendo indetectable en mar*». Comunicación ao conselleiro do Mar do Goberno de España, que, efectivamente, o conselleiro do Mar trasladou a través dunha carta. ¿Quen debe dimitir, señor Torrado?

Falaron vostedes dalgunhas mentiras, e eu quero falar dalgunhas datas nas que parece que ten moito interese. A primeira, o 8 de decembro do 2023: «*Portugal informa o Goberno de España da perda de seis contedores do* Toconao». O Goberno tarda doce días en enviar un wasap a un funcionario da Xunta: «*Buenas tardes. Muy probable portacontenedores que perdió 6 a través de Viana el día 8. Estamos en contacto con el*». Primeiro, moi probable. ¡Pero se teñen confirmación oficial dende o día 8! «Estamos en contacto con el». Non nos piden que contacte a Xunta, que se poña en contacto; non, non, «*que el Gobierno de España está en contacto con el*». Non informa da carga, non se informa do vertido e o Goberno de España a día de hoxe aínda non lle remitiu á Xunta de Galicia esa comunicación oficial do Goberno portugués do día 8. ¡A día de hoxe, eh!

Interesáballe ao señor Torrado falar da chamaba ao 112 do día 13, da chamada dun particular ao 112, informando da presenza de sacos. Hoxe fixo a declaración o particular: «*A esa hora hizo la primera llamada la central del 112 Galicia. Me dijeron que se lo habían comunicado a Salvamento Marítimo pero que no podía actuar porque el mar estaba moi bravo*». Salvamento Marítimo non é da Xunta, señor Torrado. Salvamento Marítimo informou de que xa tiñan constancia a través do Cemma e de que non ían tomar ningunha medida. Pide Salvamento Marítimo ao Goberno de España a actuación de Protección Civil. Así que desde ese día Salvamento Marítimo —o Goberno de España— ten constancia da chegada de material á nosa costa e ten constancia da perda dos contedores. Nin o concello —nin-

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gún dos concellos— nin a Xunta teñen constancia da chegada do material, pero non da perda dos contedores. Aínda faltan sete días para que lle envíen vostedes ao seu goberno un wasap e vinte e un para remitir outra información relevante da que quero falar, a do 20 do 12. O representante legal do buque *Toconao* contacta co Goberno de España —o representante legal do buque— e confirma que avisaron da perda de contedores o día 8 de decembro; informa da contratación de asistencia técnica especializada con instrución de —abro comiñas— «monitorizar e asesorar nas accións que resulten necesarias». Terceiro, informa de que moi posiblemente os *pellets* detectados nas praias teñen orixe no contedor perdido. Catro, poñen a Asesoría Técnica á disposición das autoridades competentes. Cinco, facilita o teléfono de contacto para adoptar medidas con prontitude e coordinación. Vinte e catro horas despois, Demarcación de Costas traslada esta comunicación aos concellos afectados para que —abro comiñas— «poidan contactar coa navieira aos efectos de que asuma os custos da limpeza». O Goberno de España agardou quince días —¡quince días!— para enviar esa comunicación remitida polo avogado da navieira á Xunta de Galicia. ¡E veñen aquí falar de mentiras e de manipulación! ¡Pero vostedes non coñecen un mínimo de decoro!

E, mentres, temos que ver a algúns novos tuiteiros, como o señor Óscar Puente: *(O señor Pazos Couñago le un documento.) «El tema es serio. La gestión de Rueda es todo menos eso, y, claro, se presta a este tipo de análisis»*. Porque o que fai o señor que di que isto é serio é retuitear un tuit dun influencer, dun tiktoker, dicindo: «*Un informe de Bruxelas asegura que los* pellets *de plástico son tóxicos»*. Isto é para axudar a economía galega, isto é para axudar os sectores produtivos. Un señor que estivo aquí durante este nadal, acompañando un «bicador» de trens, cando xa sabían toda esta información e non lla trasladaron ao Goberno de Galicia. ¿E vostedes veñen aquí pedir dimisións? ¡Dimitan en bloque!, ¡en bloque!, se teñen un mínimo de decoro, que non o teñen. *(Murmurios.)*

Falar aquí da xestión que fixeron uns e que fan outros, ¡home, por favor! A vostedes, cando gobernaban, chegoulles un vertido de impresoras —¡de impresoras, non de *pellets!*, ¡de impresoras!—. Miren que é fácil recoller impresoras, que é material contaminante, con tintas e demais. Pois dous meses para retirar un contedor —¡dous meses!— e estanllo criticando ao actual Goberno, que está recollendo, segundo vai chegando, o material ás nosas costas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: A min paréceme que unha mínima prudencia —de verdade llelo digo— aconsellaría estar un pouco máis tapados nisto. Deixen de intoxicar, deixen de mentir, deixen de...; abandonen eses costumes que teñen, eses de poñer un ratiño xaponés no hospital de Vigo —como fixeron— ou ese de traer agora a foto dun peixe de Sri Lanka facéndoa pasar por un peixe galego. Deixen de traer montañas de bólas que parece ser que hai nunhas praias, pero resulta que esa praia é de California e non de Galicia. Deixen de comportarse como se fosen a competencia do sector produtivo galego. Parece que tivesen votedes interese en afundilo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡É vergoñento! ¡É vergoñento, de verdade! Eu creo que isto o din aquí porque non se atreven a ir a unha lonxa a repetir as barbaridades que están a dicir no Parlamento de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Pero os galegos escoitan, por sorte para nós e por desgraza para vostedes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Para o peche desta comparecencia, a señora vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Unha pregunta: ¿por que vostede, señora Pontón, quere desculpar o Goberno central? ¿Por que non lle pide explicacións? Eu dicíalle se ía pedir as explicacións. ¿Por que non lle di que active os plans que son da súa competencia? Porque sería bo saber o que está ocorrendo para que vostede... Porque podo entender o señor Torrado, á fin e ao cabo pertence ao Grupo Socialista, pero vostede... O seu voto non debería ser tan gratuíto en Madrid. Polo tanto, deberíalle exixir ao Goberno central que poña toda a carne no asador e que todos os medios dispoñibles os poña á disposición dos galegos e das galegas; xa non do Goberno galego, senón dos galegos e das galegas.

Por outro lado, é que me chamou a atención o que vostede dixo de que eu ataquei os concellos. A min algo me está ocorrendo porque, en absoluto. Eu o que dixen é que merecían o mesmo respecto os traballadores contratados por un concello que os traballadores contratados pola Xunta de Galicia; son galegos e galegas. E o que dixen foi que se vostedes ou algún concello ten coñecemento de que o traballador non está exercendo as súas competencias, as encargadas, que o digan, para abrirlle o expediente; pero non hai traballadores de primeira e de segunda.

Por outro lado, máxima prioridade, señora Pontón, e ademais eu pediríallo como vicepresidenta, como a persoa responsable en todo este proceso —ademais, é bo pedirnos entre nós—. Pídalle ao Goberno central, por favor, que faga o esforzo necesario para recoller os sacos no mar para que non cheguen á terra, porque así evitaremos ter que poñer centos de persoas; e, por riba, temos que controlar a carga, porque se trata de ecosistemas onde nos gustaría meter máis xente, pero non podemos facelo, como no caso do parque natural de Corrubedo.

Por outro lado, a min gustaríame que vostedes diferenciasen dúas cousas: unha, o marco político, e, outra, o Plan Camgal. O Plan Camgal está dirixido e conformado por profesionais que, sen dúbida, se viñesen aquí, de verdade que lles taparían a boca. Polo tanto, non poñan en entredito o que está facendo o persoal do Plan Camgal porque se activou moitas veces e se desactivou e non ocorreu nada. Pero xusto agora estamos en véspera dunhas eleccións e, entón, queremos meter a todo o mundo neste allo.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu dicíalles que os informaba e, por suposto, vounos informar; e, como me pasan o informe diario, pois xa lles digo que temos os últimos datos. E os últimos datos son que o operativo encargado pola Xunta de Galicia ata onte ás seis da tarde —que é cando case anoitece e, polo tanto, non poden continuar traballando— foi a recollida de 70,7 sacos de *pellets*. É dicir, xa o cualificamos en sacos para que nos deamos unha idea de que, se son mil e pico, bueno, este é o operativo da Xunta de Galicia que se puxo en marcha a partir do día 3, e despois hai que sumar tamén o dos concellos. A isto temos que sumar —que me parece moi importante— tamén o plástico recollido ata o de agora; outro plástico que non ten que ver cos *pellets,* pero é que nos parecía moi importante a limpeza desas praias. En total, levamos 1.197 quilos de plástico recollido.

Por outro lado, tamén me gustaría informalos da predición meteorolóxica e desa influencia que pode ter nos *pellets*. Pero tamén, ¡ollo! coa precaución que han de ter as persoas á hora de ir facer a recollida, porque poida que teñan que activar o nivel amarillo.

Dito isto, o que o Goberno galego bota de menos é que o Goberno nacional, España, non fixese unha avaliación dos riscos ante a caída dos contedores; é o primeiro que se ten que facer. Día 8 de decembro e non se fixo absolutamente nada. Eu non sei se a señora Pontón e o señor Torrado queren que vaiamos nós a augas internacionais, que nin podemos —e estamos falando de Portugal— nin é a nosa competencia; non podemos facelo. Pero, unha vez máis, a miña pregunta é: ¿por que queren exculpalos? ¿Por que non queren que exerzan as súas competencias?

Bueno, Galicia é unha comunidade preocupada polos impactos ambientais destes vertidos e, de feito, fíxense que a próxima semana Galicia participa nun proxecto europeo —en concreto, o Intecmar— para o cal fomos seleccionados a través deste Intecmar, e que se vai comezar a vindeira semana sobre plásticos oceánicos. O resumo das súas intervencións e a miña conclusión é que non lles importa facer ese dano irreparable como imaxe de Galicia e tamén da súa economía.

E eu, ademais, tamén conclúo que apostan vostedes bastante pola toxicidade mediática. Pídolles unha vez máis que abandonen ese alarmismo, porque pode afectar —e, de feito, xa está afectando— o sector pesqueiro e tamén o turismo, por aquilo de que as persoas necesitan vivir e os galegos queremos vivir ben. O sector pesqueiro son 40.000 empregos e son 9.000 millóns de impacto na nosa economía, o 5 por cento do PIB; e o sector turístico é máis do 10 por cento do PIB galego e o 11 por cento do emprego da nosa comunidade. Polo tanto, pídolles seriedade e que sexan conscientes de que calquera mensaxe alarmista vai en contra dos galegos e das galegas, non vai en contra do Goberno galego.

A Xunta está traballando —faino dende o primeiro momento—. Activouse o Plan Camgal en función dos criterios que son única e exclusivamente técnicos. E eu vólvolles repetir: 1.500 chamadas ao 112 que teñen que ver con vertidos de mar a terra. ¡Oxalá non tivésemos ningunha! Se cada vez que recibimos unha chamada temos que activar o Plan Camgal, teriamos que activalo tres veces ao día, e desactivalo; esa é a realidade, non é outra. Non se pode actuar con tanta lixeireza. E, ademais, é certo que o que demostran é que non xestionaron vostedes nada ou que xestionaron moi pouco; se non, non falarían desta maneira.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos solicitado ao Estado os medios marítimos e os aéreos. É certo que eu non lles podo dicir cantos hai agora ou se hai algún, descoñézoo; e agardemos que ao longo destes días nos vaian pasando toda a información. Pero en Galicia insistimos en que é fundamental minimizar a chegada de novos plásticos, de novos *pellets*, á costa ante esa previsión de empeoramento das condicións marítimas nos vindeiros días.

A Xunta está traballando, faino ao carón dos concellos: monitorizamos a situación nas praias, pásannos partes ás doce do mediodía. Ás seis da tarde planificamos o día seguinte e como se debe actuar nas zonas máis protexidas para non afectar os ecosistemas —que é un xeito moi distinto ao das praias urbanas—, e temos mobilizados uns trescentos efectivos. Aí están traballando arreo os axentes de Gardacostas, os axentes medioambientais, as brigadas —brigadas de Tragsa e tamén de Seaga— para colaborar e reforzar a limpeza, xunto cos concellos. Trasladamos o protocolo aos concellos coa documentación adecuada e cos traballos que se han de facer. E seguimos insistindo en que se deben de activar os plans por parte do Goberno central. Exixímoslle que actúe canto antes e que poña os seus medios marítimos a rastrexar a nosa costa —crédeme que nós xa o facemos cos nosos—. E eu quero poñer un exemplo —dígoo por aquilo que dicían de que «que barbaridade estes da Xunta de Galicia, que non se enteran de nada; que os sacos non se poden coller»—. Bueno, barbaridade a que se dixo hoxe aquí, que din que collemos un saco, que lle puxemos unha corda e que o puxemos a flotar. ¡Vostedes están de broma, penso eu! E de verdade que isto non é ningunha broma.

E os sacos das últimas horas... Que, ¡ollo!, se dende o día 8 de decembro os nosos mariñeiros tivesen constancia de que houbo un contedor que se abriu ou que caeu, con máis de mil sacos, crédeme que estarían vixiantes por se visen algo. Eles non poden ir coller cada cousa que ven no mar, porque o que teñen que facer é coller o peixe para poder despois vivir no día a día.

Nós non pedimos nada imposible, e o exemplo está aí: O Grove, Camariñas, Porto do Son, nas últimas horas. Pero non só iso, é que, ademais, nos avalan dende a comunidade científica a nivel internacional de que isto ha de ser así.

Pedímoslle, por suposto, ao Goberno central que se poña en contacto coa Axencia Nacional de Seguridade, co Goberno luso e coa armadora, porque ¡ollo! aquí estase actuando cunha lixeireza..., e a ver quen se fai cargo de todo isto. Porque o único que hai é un número de teléfono dun avogado, e isto é moito máis serio dende o punto de vista xurídico.

Queremos dar seguridade aos concellos, que, efectivamente, teñen gastos, pero tamén á Xunta de Galicia, porque estes son os impostos de todos os galegos e as galegas, e nós somos unha vítima. Nin o barco nin a navieira é da Xunta de Galicia nin os *pellets* son da Xunta de Galicia. Entón, sendo accidente ou incidente, terán os seus seguros e, polo tanto, o único que teñen que facer é pagar, pero debemos de ter a seguridade. E, exiximos, por suposto, o robot para que se faga o selado dos contedores que aínda están no mar.

Na Xunta apostamos polo traballo, pola transparencia, pola información, e facémolo —crédeme— cun equipo excelente de técnicos que traballan no día a día no operativo. E eu aquí

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quero falar dos biólogos, físicos, científicos, enxeñeiros, xurídicos, da xente da universidade, que se puxo en contacto con nós, de empresas a nivel particular, que tamén se puxeron en contacto con nós..., do cal nos temos que sentir maximamente orgullosos. É certo que hai xente que nos está dicindo: temos máquinas ao voso dispor. Pero ¡ollo!, é que as praias son ecosistemas e non se pode... Se puidésemos meter unha máquina, fariámolo, pero tamén quero deixar claro que para actuar en zonas de protección hai que pedir o debido consentimento á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Por suposto, non me esquezo dos voluntarios, do sector do mar e, en primeira liña, daqueles que están, que son os concellos.

Pola miña banda, nada máis. Dareilles cumprida información, por suposto, ao longo de todos estes días. Agardamos tamén esa información por parte do Goberno central, porque así poderiamos planificar moito mellor. E se tivésemos a gran sorte de que ese contedor aínda tivese 700 sacos no seu interior e o selasen, evitariamos que todo iso chegase á costa galega ou á costa asturiana ou á vasca ou á cántabra ou ás nosas augas, porque, ao final, iso acaba depositado nas augas, que non teñen límite, senón que son de todos.

Moitísimas grazas pola vosa aportación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

Remata aquí a comparecencia e remata tamén aquí esta deputación permanente.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-q4GZEuEJd-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/